



Data: 20 de marzo de 2002	Ref.: S.P.U.
Asunto: REMISIÓN RESOLUCIÓN EXPTE. T.E. 102/01	Destinatario: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O CORGO



Con esta data, o Ilmo. Sr. Subdirector Xeral de Urbanismo e Arquitectura, deu traslado a este Servicio da Resolución dictada polo Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo con data 13 de marzo pasado, sobre o expediente que a continuación se relaciona, remitido por ese Concello para a súa tramitación polo procedemento dos artigos 77.4 da Lei 1/1997 do 24 de marzo, do Solo de Galicia e 34 das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial:

- **Promotor:** Dona Aurora Pardo Martínez.
- **Instalación:** rehabilitación de vivenda para turismo rural e identificación do núcleo de Cerceda.
- **Situación:** Cerceda - Cerceda.

Remesamos o texto da citada Resolución e, de acordo co indicado na mesma, achégase o plano de identificación dilixenciado.

O que lle comunicamos para o seu coñecemento e oportunos efectos.

O XEFE DO SERVICIO



Asdo.: Jose Luis Osada López.

O Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, dictou con data 13 de marzo de 2002 a Resolución que se transcribe:

RESOLUCIÓN DO 13 DE MARZO DE 2002 SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENCIA MUNICIPAL PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA PARA TURISMO RURAL E EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO, DELIMITACIÓN E IDENTIFICACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE CERCEDA, NO CONCELLO DE O CORGO (T.E. LU 01-102).

Examinada a documentación obrante no expediente instruído ó efecto, resulta:

ANTECEDENTES

Por Dona Aurora Pardo Martínez formulouse solicitude de autorización previa á concesión de licenza municipal para a rehabilitación de vivenda para turismo rural e expediente de recoñecemento, delimitación e identificación do núcleo rural de Cerceda, no Concello de O Corgo.

A parcela na que se pretende ubica-la citada instalación ten unha superficie de 18853 m², segundo a certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro de Lugo.

O expediente foi tramitado de conformidade co establecido no artigo 77 da Lei 1/1997 de 24 de marzo, do Solo de Galicia (en adiante LSG) e o artigo 34 das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais, Orde do 3 abril de 1991 (en adiante NCSP), constando certificado do secretario do Concello de O Corgo de 15 de outubro de 2001 polo que se acredita que o expediente foi exposto ó público polo prazo de 20 días hábiles no propio concello, así como no xornal "El Progreso" do día 18 de setembro de 2001, non presentándose alegacións, e que por acordo da Comisión de Goberno de 18 de outubro de 2001, considérase informar favorablemente a instalación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- O Concello de O Corgo carece na actualidade de planeamento vixente, polo que é de aplicación o réxime establecido pola disposición adicional terceira da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia e as determinacións das vixentes Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais, no solo non delimitado.

2.- No expediente municipal tramitado polo concello queda xustificada a preexistencia do núcleo de Cerceda, formado por unha agrupación de 24 vivendas, topónimo que aparece recollido no Decreto 6/2000, do 7 de xaneiro, da Consellería de Presidencia e Administración Pública, polo que se aproba o nomenclator correspondente ás entidades de poboación da provincia de Lugo, dentro da parroquia de Cerceda, constituíndo un asentamento de poboación singularizado por un topónimo e diferenciado nos censos e padróns oficiais e identificado como tal pola práctica administrativa, cumprindo os requisitos específicos establecidos polo artigo 75 da Lei 1/1997.

3.- A parcela onde se pretende ubica-la instalación proposta estaría entón cualificada como solo de núcleo rural.

4.- Examinado o proxecto verificase o cumprimento das condicións de ocupación, parcela mínima, edificabilidade e altura máxima establecidos no artigo 76 da LGS e na ordenanza correspondente das Normas Subsidiarias de Planeamento Provinciais, réxime urbanístico que resulta de aplicación de conformidade coa disposición transitoria segunda, punto 5) da LSG e a disposición transitoria 1ª da Lei 6/1998 de 13 de abril sobre réxime do solo e valoracións (en adiante LRSV).

5.- A orde do 30 de decembro de 1999 do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (DOG 10 de xaneiro de 2000) pola que se delegan atribucións en materia de urbanismo, no seu artigo 1 delega no Director Xeral de Urbanismo o outorgamento da autorización autonómica para construcións e instalacións no medio rural, e o recoñecemento da preexistencia do núcleo segundo o disposto polo artigo 77.4 da LSG en relación coa disposición adicional terceira apartado segundo.

A vista de canto antecede, RESOLVO:

1º.- **RECOÑECE-LA** preexistencia do núcleo rural tradicional de Cerceda, na parroquia de Cerceda, no Concello de O Corgo polo cumprimento das condicións establecidas no artigo 75 da LSG coa delimitación que se recolle no expediente remitido, sendo de aplicación ós terreos situados dentro do perímetro delimitado o réxime xurídico establecido polo artigo 76 da Lei do solo de Galicia e a ordenanza reguladora do solo non urbanizable de núcleo rural regulado no artigo 23 das vixentes Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais, cunha altura máxima de baixo mais unha planta. A estes efectos a esta resolución acompáñase un plano identificativo dilixenciado por esta Consellería do núcleo delimitado e identificado.

En cumprimento do establecido no apartado 2 da disposición adicional terceira da Lei do Solo de Galicia, será precisa a autorización desta Consellería previa á concesión da licenza municipal para as seguintes e sucesivas construcións que se pretendan situar no núcleo rural identificado.

2º.- **OUTORGAR**, en consecuencia, a Dona Aurora Pardo Martínez a autorización previa á concesión de licenza municipal para a rehabilitación dunha vivenda para turismo rural, nos terreos que se sitúan na planimetría do proxecto técnico presentado e do núcleo delimitado.

En todo caso e, segundo o recollido no artigo 17 das NCSPP, as construcións da actuación proposta adaptaranse no básico ó ambiente no que se sitúen e polo tanto os materiais empregados deberán de ser compatibles cos constituíntes da paisaxe na que se vaian a situar, prohibíndose expresamente a utilización como vistos de materiais fabricados para seren revestidos. Así mesmo, as construcións terán unha tipoloxía congruente coa propia da zona.

Na tramitación da licenza municipal de obras e de actividades e instalacións, o concello velará, dentro do ámbito das súas propias competencias, polo cumprimento da normativa urbanística vixente, as condicións establecidas na Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, no seu Regulamento aprobado polo Decreto 35/2000, do 28 de febreiro e na normativa sectorial que no seu caso fose de aplicación, solicitando, se é o caso, os informes e autorizacións preceptivos.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes contado a partires do día seguinte ó da notificación desta Resolución (arts. 116, 117 e 48 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación (art. 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa).

Para o caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (art. 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro).

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2002

O SUBDIRECTOR XERAL DE URBANISMO



Asdo: Vicente Ruiz Soldevilla

620919.4
4748215.0

4748000

4747500

4747000




CONCELLO DO CORGÓ (LUGO)
 DILIXENCIA: Para facer constar que esta fotocopia
 é fiel e exacta reprodución do seu orixinal.
 O Corgo, de *[Signature]*
 P.D. *[Signature]*
 O Auxiliar-Administrativo


Asdo: Juan Manuel Pérez Vilaros

AYUNTAMIENTO DE CORGÓ (LUGO)


PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL AVANCE

CONSULTOR:

 Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.

TITULO DEL PLANO:
 ORDENACION A NIVEL MUNICIPAL

PROYECTO:

 E. URCOLA FDEZ-MIRANDA
 Fecha: ABRIL 2.000

ESCALA:
 1:5.000
 orixinal grafica




Nº DE PLANO:
 P.0.5
 HOJA 29 DE 31

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO
 CORRESPONDE O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO, DELIMITACIÓN E
 IDENTIFICACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE CERCEDA, NO CONCELLO DE O
 CORGÓ, AUTORIZADO POR RESOLUCIÓN DO ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE
 URBANISMO DO 13 DE MARZO DE 2002.

LUGO, 20 DE MARZO DE 2002
 O XEFE DO SERVIZO PROVINCIAL
 DE URBANISMO E INSPECCIÓN TERRITORIAL



Data: 26 de marzo de 2002	Ref.: S.P.U.
Asunto: REMISIÓN DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA EXPTE. T.E. 102/01	Destinatario: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O CORGO

 Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda SERVICIO PROVINCIAL DE URBANISMO LUGO	
26 MAR. 2002	
Nº ENTRADA —	Nº SALIDA 208

CONCELLO DO CORGO 27 MAR. 2002 Nº ENTRADA... 309 Nº SALIDA... 309

Advertido que no noso oficio do 20 de marzo pasado (registro de saída nº 185), polo que se remesaba a resolución do Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo do 13 de marzo de 2002 correspondente ó expediente de rehabilitación de vivenda para turismo rural e identificación do núcleo de Cerceda, non se incluía o plano de identificación dilixenciado que se indicaba no mesmo, enviamos para xuntalo á citada resolución e que figure no correspondente expediente municipal.

O XEFE DO SERVICIO



Asdo.: José Luis Losada López



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

IDENTIFICACIÓN DO NUCLEO RURAL DE CERCEDA- O CORGO

MEMORIA

O Concello do Corgo carece de Planeamento Municipal, polo que non ten delimitado-los núcleos rurais de poboación, no obstante dacordo co art. 36.3 de la N.C.S.P.P., poderán autorizarse edificacións nos núcleos rurais preexistentes sempre que se xustifique caso a caso a preexistencia de cada núcleo.

Esta memoria ten por obxeto identifica-lo núcleo rural de Cerceda, parroquia de San Pedro de Cerceda, ó abeiro das prescricións contidas nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial e art. 75 da Lei 1/1997, de 24 de marzo do solo de Galicia.

Polo tanto e segundo o disposto no artigo 36.4 das N.C.S.P.P. identifícase o citado núcleo rural:

- a) No Nomenclator de 1991, censo de poboación e vivendas, figura o núcleo rural de Cerceda, coa categoría de aldea pertencendo a parroquia de San Pedro de Cerceda, distante da capitalidade municipal 13 km e cunha poboación de dereito de 56 habitantes cun número de 24 vivendas. (Achegase copia da publicación do I.N.E.).
- b) Tal e como se pode apreciar na copia do nomeclator do INE, figura como toponimo identificador o de "Cerceda".
- c) Delimítase un área de 11,1 Has que abarcan un número de 24 vivendas e 78 habitantes según resulta do Padrón Municipal de 1996 polo que resultan as seguintes densidades;
 - habitantes/ vivendas: 3,25
 - vivendas/superficie Has.: 2,16
 - habitantes/superficie Has.: 7,03

CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

6


Cumprimento das determinacións establecidas nas N.C.S.P.P. O núcleo rural de Cerceda cumpre coas determinacións establecidas para a súa identificación e delimitación;

- É un asento de poboación, singularizado por un topónimo identificador, recoñecido e diferenciado nos censos poboacionais e padróns oficiais.
- Dispón de suministro de enerxía eléctrica, telefonía, pavimentado de vías de acceso e recollida de residuos sólidos.
- En infraestrutura social dispón de tenda de alimentación e bar, asímesmo mantén unha vinculación directa co sector gandeiro e agrícola.
- A delimitación efectuada presenta unha cantidade de 24 vivendas, superior o número de 10 establecido como mínimo pola citada normativa.

Conclusión.- O solo incluído dentro do perímetro delimitado do núcleo rural de Cerceda terá a consideración de solo de núcleo rural e regularase polo disposto no artigo 76 da Lei 1/1997, de 24 de marzo do solo de Galicia e art. 23 das N.C.S.P.P.

Corgo, 22 de outubro de 2001
A arquitecto técnico municipal


Asdo. Mercedes Maseda Martinez




AYUNTAMIENTO DE CORGO (LUGO)

**PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL
AVANCE**


CONSULTOR:

 CIISA
 Consulting Ingeniería Internacional S.A.

TITULO DEL PLANO:
 ORDENACION A NIVEL MUNICIPAL

PROYECTO:

 E. URCOLA FDEZ-MIRANDA
 Fecha: ABRIL 2.000

ESCALA:
 1:5.000
 orixinal grafica



Nº DE PLANO:
 P.0.5
 HOJA 29 DE 31